



## Os escritores de Celanova no centenario de Celso Emilio Ferreiro

*Instituto de Ensino Secundario (Celanova)*

A biblioteca do Instituto de Celanova acolle o xoves, día 21 de xuño, o acto titulado "Os escritores da comarca Terra de Celanova - Baixa Limia no centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro". O evento está organizado pola Biblioteca do IES de Celanova e a Coordinadora comarcal de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística Terra de Celanova – Baixa Limia, con participación libre e gratuita para todas as persoas que desexen asistir.

O encontro está previsto para as **19.00 horas** e conta cun programa de actos que inclúe tres actividades fundamentais: a inauguración da mostra bibliográfica permanente de libros "Autores da comarca", na biblioteca do IES de Celanova; a presentación do libro colectivo Vieiros de palabra. Terra de Celanova – Baixa Limia en letras de autor, conformado por textos orixinais do conxunto dos escritores vivos da comarca —presentes moitos no acto— e tamén a exposición dos traballos do alumnado de moitos centros de ensino da bisbarra.

**Actividade:** Os escritores de Celanova no centenario de Celso Emilio Ferreiro

**Data:** 21 de xuño de 2012 ás 19:00h

**Lugar:** Instituto de Ensino Secundario (Celanova). (rúa Cesáreo Fernández Losada, s/n)

**Prezo:** De balde.

**Dato de intese:** O acto terá lugar na biblioteca do Instituto de Celanova. **Organizan:** Biblioteca do IES de Celanova e a Coordinadora comarcal de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística Terra de Celanova – Baixa Limia.